

# CELEBRACIÓN NA HONRA DE TODOS OS SANTOS EN OS COTOS (na igrexa)

31 de outubro – 1 de novembro do 2023



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n° 3 *Unha xuntanza de amor*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe escoitaremos no Evanxeo as Benaventuranzas que Xesús puxo como modelo de vida para todos os que queren ser os seus seguidores.

Por iso honramos a tantas persoas que nos precederon neste camiño de fe, e que son moitas veces descoñecidas pero que chegaron a vivir o proxecto de Xesús con todas as súas consecuencias.

Estes santos e santas fan que, mirando cara a nós mesmos, teñamos ilusión, alegría e folgos para seguir facendo o noso camiñar neste mundo sabendo que nos diriximos ao encontro con todos estes irmáns nosos na plenitude de Deus.

Que a celebración que agora imos comezar nos faga sentir a ledicia de pertencer a esa moitedume de homes e mulleres que quixeron ser benaventurados, que quixeron amar, que quixeron manter acesa a luz do Espírito na súa vida de cada día.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que non somos capaces de seguir o camiño das Benaventuranzas. Necesitamos pedir perdón.*

**Monitor/a:**

- Ti dixeches benaventurados os que traballan pola paz, perdoa as nosas violencias. Señor, téndenos a túa man
- Ti dixeches benaventurados os que teñen espírito de pobres, perdoa as veces que non somos capaces de compartir. Cristo, téndenos a túa man
- Ti dixeches benaventurados os famentos e sedentos de xustiza, perdoa as veces que non somos coherentes nin cos demais, nin coa natureza, nin co evanxeo. Señor, téndenos a túa man

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, a todos nos conceda Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Nesta oración hoxe damos grazas por ter diante de nós tantos e tantos exemplos de irmáns nosos que souberon vivir a fe e nos mostran o camiño.*  
(silenzo)

**Celebrante:**

Deus, Noso Pai,  
Ti concédesnos venerar os méritos  
de todos os Santos e Santas nunha soa festa.  
Fai que pola intercesión de tantos valedores  
se cumpran os nosos desexos  
de conseguir a abundancia da túa paz,  
con Xesucristo, teu Fillo, noso Señor e irmán  
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Deus acóllenos coma fillos e fillas e invítanos a vivir coma tales no camiño das benaventuranzas. Moitas persoas, dende as súas limitacións, esforzáronse en vivir esta boa nova, e hoxe a nós tamén se nos convida a ser benaventurados. Sómolo agora ao escoitar.*

Leccionario

1Xn 3, 1-3

LECTURA

## LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Benqueridos irmáns e irmás:

Vede o moito que nos quixo o Pai, para nos chamarmos fillos de Deus e sérmolo de verdade. Por iso o mundo non nos recoñece: porque tampouco non o recoñeceu a El.

Meus amigos, xa somos fillos de Deus, pero aínda non está á vista o que seremos; sabemos que cando Xesús apareza, nós seremos coma El, xa que o veremos tal e como é.

Todo o que ten posta en Xesús esta esperanza, trata de vivir unha vida limpa, para ser limpo coma El.

### Palabra do Señor

♪ 50 Na tardiña baixa da vida SALMO



(en pé) Leccionario

Mt 5, 1-12

EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, vendo Xesús a multitude, subiu ao monte e sentou. Achegáronselle os seus discípulos, e el, tomando a palabra, ensinábaos dicindo:

Ditosos os que teñen espírito de pobres, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos os que choran, porque eles serán consolados.

Ditosos os non violentos, porque eles herdarán a terra.

Ditosos os famentos e sedentos de xustiza, porque eles ficarán fartos.

Ditosos os misericordiosos, porque eles acadarán a misericordia.

Ditosos os de corazón limpo, porque eles verán a Deus.

Ditosos os que traballan pola paz porque eles serán chamados fillos de Deus.

Ditosos os perseguidos por causa da xustiza, porque deles é o Reino dos Ceos.

Ditosos vós cando vos aldraxen, persigan e calumnien de calquera xeito pola miña causa: alegrádevos e reloucade, porque grande será a vosa recompensa nos Ceos.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Quen é BENAVENTURADO e feliz de verdade?

- Benaventurado e feliz é quen fai ben, mesmo sen esperar nada a cambio
- Benaventurado e feliz é quen pon un sorriso á vida, e mira máis o que ten de bo que o que ten de dificultade
- Benaventurado e feliz é quen fai o mellor por coidarse e por ser coidadoso cos demais
- Benaventurado e feliz é quen ten esperanzas e soños, e non se deixa levar das rutinas
- Benaventurado e feliz é quen ten respecto e tolerancia con quen pensa, cre, ou vive diferente
- Benaventurado e feliz é quen comparte e mesmo se doe con quen sofre mantendo viva a esperanza da paz

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**

**Celebrante:** Ao longo da historia son moitos os homes e mulleres que, seguindo as benaventuranzas de Xesús, proclamaron a mesma fe que agora imos confesar nós no credo. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

**Monitor/a:**

Crede en Deus, Pai e Nai,  
que nos ama de verdade  
e que nos creou á súa semellanza para amar?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede en Xesucristo, irmán de todos e todas,  
que demostrou que as benaventuranzas  
son o camiño que nos achega ao Reino do ceo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede no Espírito Santo,  
que alenta no corazón para sermos benaventurados  
segundo o evanxeo?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Crede na igrexa  
familia de todos os homes e mulleres  
que en comunidade  
queren ser testemuñas do amar de Deus?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Xunto con tantos amigos e irmáns nosos que están onda Deus Pai, oremos dicindo:*

### ESCÓITANOS PAI

**Monitor/a:**

✓ Pola Igrexa, para que valore, e saiba mostrar á comunidade a vida xenerosa, entregada, solidaria e comprometida de tantos santos e santas que pasan polo mundo servindo e vivindo o evanxeo. Oremos

✓ Polas nosas comunidades, para que vivamos as benaventuranzas proclamadas por Xesús nun mundo que en moitos casos busca os valores contrarios. Oremos

✓ Polas persoas que teñen responsabilidades de goberno, para que o fagan mellor nos camiños da paz e da dignidade de todas as persoas e pobos. Oremos

✓ Por nós e por todas as persoas maiores das nosas parroquias, para que nos sintamos arroupados e agarimados vivindo no rural. Oremos

✓ Polos nosos familiares, amigos, veciños, que xa nos deixaron no camiño da vida, para que acaden a Resurrección con Cristo. Oremos

**Celebrante:** *Escoita Señor e fai que algún día desfrutemos da túa presenza no teu Reino da Vida, onde a morte é vencida para sempre. Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Sentíndonos benaventurados acudimos ao Deus que ofrece a súa man e o seu corazón de Pai. É o Deus que nos amosa en Xesús e en tantos santos e santas que amar vale a pena. Así lle rezamos:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Dános a túa paz Señor e fai que saibamos transmitila como fixeron tantos homes e mulleres que nos precederon neste camiño de fe.*

*Compartamos hoxe o amor do Señor con quen precisa unha man amiga e unha palabra de ánimo. Fagámolo ao exemplo de tantos santos e santas.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús reúnenos arredor da mesa para que o descubramos no pan compartido cos irmáns. Aquí é onde mellor podemos aprender a vivir as Benaventuranzas que El nos ensinou.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

**♪ n° 55 No colo da miña nai**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

#### *Celebrante:*

Señor, proclamamos a túa gloria e adoramos a túa santidad única, que brilla en Todos os Santos e Santas.

Santifícanos coa plenitude do teu amor e fainos pasar desta mesa de peregrinos ao banquete da patria celeste.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Deus, concédenos hoxe celebrar festa, El que é a gloria e a alegría de Todos os Santos, nos dea a súa bendición.*

**Amén.**

*Que a intercesión de Todos os Santos nos libre dos males presentes e que o seu exemplo nos estimule no servizo de Deus e dos irmáns. Amén.*

*A igrexa alégrese de que moitos dos seus fillos acaden a alegría dos Santos e a paz. Que tamén nós poidamos desfrutar esa alegría e esa paz. Amén.*

**Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.**

**Avísase das misas (ver folla do mes).**



O soño de Xesús é que nós sexamos capaces de facer realidade as **BENAVENTURANZAS**

